

A CIG IMPUGNA XUDICIALMENTE O CONCURSO DE MÉDICOS AVALIADORES DO INSS

No BOE do 17 de xullo o INSS convocou un concurso de traslados para médicos avaliadores en todo o Estado, tamén con postos nas diferentes provincias de Galicia.

Neste concurso o INSS decidiu, unilateralmente, prescindir do idioma cooficial de Galicia, o Galego, pois ningún dos postos convocados situados en Galicia valora o coñecemento do idioma.

A **CIG** lembra que o noso idioma cooficial, e os demais do Estado, teñen os mesmos dereitos que co castelán. A persoas, na súa relación coa Administración Pública, neste caso cos médicos avaliadores, teñen dereito a relacionarse no idioma galego. Isto non o din a **CIG**, está establecido na lexislación vixente, e por iso a Administración ten a obriga de facilitar a relación coa cidadanía na lingua que esta escolla.

Por outra banda, para cumprir con esa obriga, existe normativa tamén que impón a valoración da lingua cooficial en determinados postos tendo en conta certas características, que neste caso con que o seu traballo e relacionándose directamente coa cidadanía.

Non se pode tolerar que se queira anular o idioma galego, por isto **a CIG ven de impugnar xudicialmente este concurso de traslados por non avaliar o coñecemento do idioma galego.**

En canto a tramitación con concurso, a Comisión de Valoración xa tivo unha primeira xuntanza para constituírse e ten prevista unha segunda reunión en 2 semanas para empezar a valorar as solicitudes das persoas participantes.

Seguiremos informando...

A CIG, alicerce dunha sociedade con dereitos